

## PEDRÓN DE OURO 2012

### NOVA ESCOLA GALEGA: UN MOVIMIENTO DE RENOVACIÓN PEDAGÓGICA

Hai vinte e nove anos, no verán de 1983, nacíu en Santiago **NOVA ESCOLA GALEGA** (NEG). Remataba así un curto proceso de confluencia organizativa de diversos colectivos que foran agromando nos finais dos anos setenta co fin de promover a renovación pedagóxica e a galeguización do ensino en Galicia (Albe-Galicia, Avantar, Escola Aberta, Escola Dramática Galega, Lubricán, Movemento Cooperativo de Escola Popular Galega, Preescolar na casa, Sociedade Galega de Xeografía e Xilbarbeira), aos que se engadiron un importante número de profesores/as de toda Galicia.

A finalidade de NEG, recollida nos seus estatutos, era e mais é a de impulsar o traballo de renovación pedagóxica e de galeguización lingüística e curricular do sistema educativo de Galicia, por medio da agrupación e cooperación de todas as persoas socias e colaboradoras que pretenden contribuír coa súa acción e reflexión á construción dun sistema educativo GALEGO, PÚBLICO E DEMOCRÁTICO.

A Asociación conta hoxe cun número superior aos trescentos asociados e asociadas. Se xa no seu nacemento incorporaba todo o conxunto de iniciativas emprendidas previamente (experiencias pedagóxicas, publicacións, encontros, materiais didácticos elaborados...), ao longo destes anos veu amosando unha continua actividade de promoción de iniciativas enmarcadas pola defensa e construción do modelo de Escola Pública, como sinal de identidade dos movementos de renovación pedagóxica (MRP).

Moi notable é a implicación de NEG, como tal organización ou a través de moitos dos seus asociados e asociadas, no impulso á galeguización lingüística e curricular no ensino, con froitos tanto na didáctica da lingua como nas estratexias de galeguización, nas obras de literatura infantil e xuvenil, nos traballos en campos científicos como o das ciencias sociais e o seu tratamento escolar, ou o das ciencias naturais entre outros. De maneira salientable, igualmente, coa participación activa en todos os movementos sociais en defensa da lingua.

Canto ás actividades, NEG promoveu a creación de Grupos de Traballo internos (territoriais ou sectoriais) e a celebración de Escolas de Verán, Congresos, Encontros, Xornadas, Conferencias e Mesas redondas de diferentes temáticas para o profesorado. Como mostra de tal dinamismo podemos sinalar a referencia de máis de cento cincuenta encontros e xornadas convocados nestes anos ao logo da xeografía do País. Así mesmo, a organización de certames e premios pedagóxicos, coma os *Educacompostela*, en colaboración co Concello de Santiago.

A Asociación prestoulle e préstalle particular atención a campos e cuestións como as didácticas da lingua, das ciencias sociais, das ciencias naturais, das matemáticas, a educación física e a psicomotricidade, os medios audiovisuais, a didáctica e o tratamento da educación infantil, a orientación escolar, a escola rural, a normalización lingüística, a historia da educación en Galicia, a educación plástica, a incorporación das novas tecnoloxías da información, a literatura infantil e xuvenil e a educación para a paz, o patrimonio cultural (lúdico, museos...), educación social e escola, o proxectoterra... ademais de propiciar a xeración de actividades desta orientación por parte de diversas institucións e instancias de toda Galicia.

No campo editorial, moitos asociados e asociadas de NEG editaron un importante número de libros de texto e outros de carácter didáctico en diversas editoriais. Tamén noutras iniciativas editoriais ao servizo da comunicación pedagóxica como foi o caso d'*A Pizarra no Faro de Vigo*, ou de "*Na Escola*" en *La Región* de Ourense; sen esquecer tampouco a implicación nas publicacións pedagóxicas *Adaxe*, *Sarmiento*. *Anuario Galego da Historia da Educación*, ou en publicacións que

como *Encrucillada* ou *Cuadernos de Pedagogía*, lle prestaron unha atención informativa á realidade educativa de Galicia.

Como publicacións da asociación cómpre destacar a existencia no pasado dunha colección editorial (*Cadernos de Nova Escola Galega*) con seis títulos editados e a publicación ata a actualidade da *Revista Galega de Educación*, da que dentro dun mes verá a luz o número 53. Neste tempo tamén se editaron 55 números do seu *Boletín Interno*; o *Boletín Novapaz*, e o actual *NEG Opina*, de envío xeneralizado a todos os centros públicos educativos de Galicia (na actualidade en formato dixital), con análises, reflexións e formulacións da asociación a respecto dos asuntos máis actuais da política educativa. Da mesma maneira, existen colaboracións máis ou menos conxunturais con medios, como o caso do *Vieiros da escola*. O sitio web [www.nova-escola-galega.org](http://www.nova-escola-galega.org) e a presenza nas redes sociais completan o panorama do coñecemento público da asociación.

NEG pertence á Confederación Estatal de Movementos de Renovación Pedagóxica, cunha constante participación desde o momento da súa constitución, e tamén á Federación Internacional de Movementos de Escola Moderna (FIMEM), recollendo así unha das tradicións que formaron o acervo inicial da asociación, a da pedagogía da Escola Moderna ou Freinet.

Débase sinalar que, como asociación democrática e plural tamén a ela pertenceron e pertencen ensinantes con implicación sindical en varios dos sindicatos de traballadores e traballadoras do ensino de Galicia. Na procura de ser un instrumento ao servizo da reforma pedagóxica débense salientar mesmo as súas contribucións ao desenvolvemento do movemento de pais e nais nos centros de ensino público de Galicia.

Ademais da implicación docente dos seus asociados e asociadas nas diferentes etapas do ensino (educación infantil, primaria, secundaria e universitaria), hai que destacar a presenza de membros en Preescolar na Casa, no noutrora existente Gabinete da Reforma, nos Servizos Municipais de Educación de varios Concellos e en moitos Consellos escolares municipais, ademais de no propio Consello Escolar de Galicia.

No 1987 e como recoñecemento ao traballo realizado, foille outorgado o Premio da Crítica ás Iniciativas Culturais.

Máis información: <http://www.nova-escola-galega.org>

Maio 2012